



EXPT. Nº 7/2016- ENTIDADE LOCAL: MIXTO DE: "SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA, ASI COMO A SUBMINISTRACIÓN DE TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE".

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento negociado para a contratación do contrato mixto: **"ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA, ASI COMO A SUBMINISTRACIÓN DE TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"** coa presentación da documentación requirida ao licitador presentado e admitido que obtivo a maior puntuación, de acordo á cláusula 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, e vista a fiscalización positiva da Intervención Municipal de data 6 de maio de 2016, esta alcaldía **RESOLVE**:

1º) Adxudicar, o contrato mixto de: **"SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA, ASI COMO A SUBMINISTRACIÓN DE TODO TIPO DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE"** a **DAVID GONZÁLEZ ABAL**, conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas polo que se rexe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, que realizará o servizo polo **prezo de DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E TRES CON CINCONTA (2.843,50) EUROS POR MES (IVE ENGADIDO) DURANTE UN PERÍODO DE 6 MESES CON POSIBILIDADE DUNHA PRÓRROGA DE 3 MESES, E A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS INFORMÁTICOS DE HARDWARE CUNHA PORCENTAXE ÚNICA DO 10% DE BAIXA DE DESCONTO A APLICAR RESPECTO AOS PREZOS QUE FIGURAN NO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DE CADA UN DOS ELEMENTOS INFORMÁTICOS A SUBMINISTRAR**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

Nesta licitación, á parte da súa publicación no perfil do contratista para a presentación de ofertas, foron invitadas as empresas **TANIWA SOLUCIONES SL, MYDIC GALICIA SLNE e DAVID GONZÁLEZ ABAL** e presentando as ofertas **MYDIC GALICIA SLNE e DAVID GONZÁLEZ ABAL** sendo admitidas as dúas presentadas.

-Plica núm. UN: Presentada por D. Manuel Veiga Rioseco, en representación da empresa MYDIC GALICIA SLNE, de Sanxenxo. Aberto o sobre "A" constátase a presentación do Anexo I dos Pregos "Declaración indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar co Concello de Sanxenxo. A documentación está completa.

1) MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO (Máx: 50 puntos):

Pola memoria descritiva da prestación do servizo o enxeñeiro técnico municipal otorgoulle unha **puntuación de 25'00 puntos.**

2) SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA

Neste apartado o enxeñeiro técnico otorgoulle **0 puntos.**

3) SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS INFORMÁTICOS

Aquí concedeuselle unha **puntuación de 3'75 puntos.**

4) PUNTUACIÓN TOTAL: 28'75 puntos

-Plica núm. DOUS: Presentada por D. David González Abal, en nome propio, de Vilalonga, Sanxenxo. Aberto o sobre "A" constátase a presentación do Anexo I dos Pregos "Declaración indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar co Concello de Sanxenxo. A documentación está completa. Admítese.

1) MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO (máx: 50 puntos):

O licitador presenta unha memoria da prestación do servizo obtendo a máxima puntuación.

Puntuación: 50,00 puntos

2) SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA

Neste apartado o enxeñeiro técnico municipal concedeulle unha **puntuación de 6'53 puntos.**

3) SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS INFORMÁTICOS

Aquí concedeuselle unha **puntuación de 7'50 puntos.**

4) PUNTUACIÓN TOTAL: 64'03 puntos

Asemade faise constar que na fase de negociación do contrato non compareceu ningún dos licitadores, a pesares de ser debidamente notificados, tal e como consta na acta de data 29-04-2016, que está unida ao expediente, polo que, de conformidade co sinalado na cláusula 10 e) parágrafo final do prego de cláusulas administrativas particulares, os dous licitadores mantiveron a oferta inicial previa a fase de negociación.

3º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a 12 de maio de dous mil dezaseis.

O alcalde


Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario xeral


Ángel Luis López Pita